



XEIRA, DOMINGO, 22 DE OUTUBRO DE 2017

**LUGO: MUSEO CATEDRALICIO
E NOVOS ESPAZOS EXPOSITIVOS**

Guiada por Pancho Gallego
Saída ás 9,00 h dende as paradas habituais

- Logo de varios anos frustados, por fin está reaberto o Museo Diocesano e Catedralicio de Lugo, e aproveitaremos para ver novos lugares.

Lembrede levar calzado cómodo, pois inda que estaremos pola cidade todo o tempo, estaremos de pé bastante rato.

ITINERARIO

- Logo de tomar un café ó chegar a Lugo, o noso primeiro destino será o novo espacio expositivo do Cárcere Vello, onde nos esperan ás 11 da mañá. Será unha visita curta a este interesante edificio recuperado, construído sobre unha das antigas necrópoles de época romana. <http://lugo.gal/es/localizaciones/centro-cultural-o-vello-carcere>
- **Seguiremos cunha pequena andaina** deica a Sala de Exposicións de Porta Miñá, onde deberemos estar ás 12,30 horas, onde se atopa unha explicación das diferentes etapas da cidade romana, incluíndo pezas orixinais atopadas en distintas excavacións.

<http://lugo.gal/es/localizaciones/sala-de-exposiciones-porta-mina>

- Á saída camiñaremos un pouco polo adarve ata o restaurante.

O Xantar farémolo, sobre as 2 e 2,30 da tarde nun restaurante a determinar.

- **Unha vez rematemos, faremos unha visita guiada ó Museo Diocesano e Catedralicio de Lugo**, incluíndo as torres, onde contemplaremos o Crismón de Quiroga e moitas outras pezas neste estupendo e renovado museo, incluíndo magníficas pezas que anteriormente non estaban expostas e serán unha sorpresa pola súa calidade.
- Finalmente no tempo que teñamos ata que caia o sol, volveremos dar un paseo pola muralla e achegarémonos a algunha das xanelas arqueolóxicas que hai pola cidade, e teremos tempo de tomar algo antes de volver para Coruña.